

Traballo de
fin de máster

**Romasanta, historia en movemento: Unha viaxe
entre a realidade e o mito.**

**Romasanta, historia en movemento: Un viaje
entre la realidad y el mito.**

**Romasanta, history in movement: A journey
between reality and myth.**

Autora: Antía Fanego Lestegás

Titora: Noelia Estévez Rionegro

Setembro 2025

Declaración da autora do TFM:

Dña. Antía Fanego Lestegás.

Título do TFM: Romasanta, historia en movemento: Unha viaxe entre a realidade e o mito.

Presento o meu TFM, seguindo o procedemento adecuado ao Regulamento e declaro que:

- 1) O TFM abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De ser o caso, no TFM faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) Confirmo que o TFM non incorre en ningún tipo de plaxio de outros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
- 4) O TFM é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico.

En Lugo, 24 de xullo de 2025.

Firma

A handwritten signature in black ink that reads "Antía Fanego". The signature is written in a cursive style with a long horizontal stroke extending to the right.

Resumo

No presente Traballo de Fin de Máster ofrécese o deseño dunha senda literaria dirixida a un público adulto, na que se combina historia, natureza e patrimonio cultural. Esta proposta baséase na análise do personaxe enigmático de Manuel Blanco Romasanta, coñecido popularmente coma o lobishome de Allariz, explorando tanto os espazos naturais e os feitos históricos como a mitificación que envolveu a súa figura ao longo do tempo.

A idea é que, durante un día, as persoas participantes visiten os lugares máis emblemáticos vinculados á historia e lenda de Romasanta para afondar nos aspectos literarios e culturais tanto deste caso coma do personaxe. Cabe destacar que se propoñen actividades didácticas na natureza para cada unha das paradas, enriquecendo o proceso de ensino-aprendizaxe e construíndo coñecemento a través da experiencia.

Neste sentido, unha das dimensións fundamentais do traballo é a análise da construción e evolución do mito de Romasanta, explorando como se entrelazan feitos reais e elementos de ficción para xerar unha narrativa complexa que perdura no tempo. Desta maneira, poderase evidenciar a importancia da reinterpretación histórica e literaria como instrumento para comprender o pasado e a súa influencia no presente.

Así pois, preséntase a senda literaria coma unha ferramenta innovadora de ocio para a educación das persoas adultas, sendo unha experiencia inmersiva que une a narrativa histórica co patrimonio de Galicia, empregando a figura de Romasanta como fío condutor para explorar a intersección entre mito e realidade.

Termos chave: Romasanta, lobishome, literatura, natureza, senda literaria.

Resumen

En el presente Trabajo de Fin de Máster se ofrece el diseño de una senda literaria dirigida a un público adulto, en la que se combina historia, naturaleza y patrimonio cultural. Esta propuesta se basa en el análisis del personaje enigmático de Manuel Blanco Romasanta, conocido popularmente como el hombre lobo de Allariz, explorando tanto los espacios naturales y los hechos históricos como la mitificación que envolvió su figura a lo largo del tiempo.

La idea es que, durante un día, las personas participantes visiten los lugares más emblemáticos vinculados a la historia y leyenda de Romasanta para profundizar en los aspectos literarios y culturales tanto de este caso como del personaje. Cabe destacar que se proponen actividades didácticas en la naturaleza para cada una de las paradas, enriqueciendo el proceso de enseñanza-aprendizaje y construyendo conocimiento a través de la experiencia.

En este sentido, una de las dimensiones fundamentales del trabajo es el análisis de la construcción y evolución del mito de Romasanta, explorando como se entrelazan hechos reales y elementos de ficción para generar una narrativa compleja que perdura en el tiempo. De esta manera, se podrá evidenciar la importancia de la reinterpretación histórica y literaria como instrumento para comprender el pasado y su influencia en el presente.

Así pues, se presenta la senda literaria como una herramienta innovadora de ocio para la educación de las personas adultas, siendo una experiencia inmersiva que une a narrativa histórica con el patrimonio de Galicia, utilizando la figura de Romasanta como hilo conductor para explorar la intersección entre mito y realidad.

Términos clave: Romasanta, hombre lobo, literatura, naturaleza, senda literaria.

Abstract

This Final Master's Dissertation offers the design of a literary path aimed at an adult audience, in which history, nature and cultural heritage are combined. This proposal is based on the analysis of the enigmatic character of Manuel Blanco Romasanta, popularly known as the werewolf of Allariz, exploring both the natural spaces and historical facts as well as the mythification that surrounded his figure over time.

The idea is that, during one day, participants visit the most emblematic places linked to the history and legend of Romasanta to deepen the literary and cultural aspects of both this case and the character. It should be noted that didactic activities in nature are proposed for each of the stops, enriching the teaching-learning process and building knowledge through experience.

In this sense, one of the fundamental dimensions of the work is the analysis of the construction and evolution of the myth of Romasanta, exploring how real facts and fictional elements are intertwined to generate a complex narrative that endures over time. In this way, the importance of historical and literary reinterpretation as an instrument to understand the past and its influence on the present will be evidenced.

Thus, the literary path is presented as an innovative leisure tool for the education of adults, being an immersive experience that links historical narrative with the heritage of Galicia, using the figure of Romasanta as a thread to explore the intersection between myth and reality.

Key terms: Romasanta, werewolf, literature, nature, literary path.

ÍNDICE

1.	Introdución	1
2.	Obxectivos.....	3
3.	Marco teórico	4
3.1.	Educación de persoas adultas	4
3.2.	Aprendizaxe experiencial e educación na natureza	6
3.3.	Turismo literario como ferramenta educativa	7
3.4.	Os roteiros didácticos como recurso pedagóxico	8
3.5.	A figura de Manuel Blanco Romasanta.....	10
3.5.1.	Contexto histórico e vida do personaxe.....	10
3.5.2.	Da historia ao mito: A construción do lobishome	11
3.5.3.	Presenza na literatura e na cultura galega.....	12
4.	Metodoloxía	13
5.	Proposta.....	14
5.1.	Perfil do público destinatario.....	14
5.2.	Obxectivos	15
5.3.	Deseño do roteiro	16
5.3.1.	Criterios de selección dos espazos.....	16
5.3.2.	Descrición das paradas e das etapas	17
5.4.	Actividades propostas.....	25
5.5.	Recursos materiais	29
5.6.	Temporalización	30
5.7.	Avaliación.....	31
5.8.	Valor educativo.....	32
5.8.1.	Potencial para a aprendizaxe significativa.....	32
5.8.2.	Revalorización do patrimonio e do medio cultural	32

5.8.3.	Posibilidades de reprodución noutras contornas	33
5.9.	Limitacións	33
5.10.	Resultados esperados	34
6.	Conclusións e futuras liñas de investigación.....	34
7.	Referencias bibliográficas	36
8.	Anexos.....	40
8.1.	Anexo I. Roteiro en autobús	40
8.2.	Anexo II. Imaxes da estación de autobuses de Ourense.....	41
8.3.	Anexo III. Imaxes da aldea de Regueiro	42
8.4.	Anexo IV. Imaxes do Castelo de Maceda	43
8.5.	Anexo V. Imaxes da aldea de Rebordechao	44
8.6.	Anexo VI. Imaxe do punto de encontro en Rebordechao.....	45
8.7.	Anexo VII. Imaxes da Ermida.....	46
8.8.	Anexo VIII. Imaxes de Allariz	47
8.9.	Anexo IX. Avaliación da proposta	48
8.10.	Anexo X. Avaliación da persoa organizadora	49
8.11.	Anexo XI. Avaliación das persoas participantes	50

1. Introducción

O presente Traballo de Fin de Máster trátase dunha proposta de innovación educativa baseada no deseño dunha senda literaria dirixida a persoas adultas, articulada arredor da figura de Manuel Blanco Romasanta e dos espazos naturais e culturais vinculados á súa historia.

Neste documento, tras xustificar e sustentar o tema dunha maneira precisa, especificanse os obxectivos xerais e específicos do traballo, dando paso a catro partes centrais ben diferenciadas.

A primeira delas recolle o marco teórico necesario para fundamentar a proposta, abordando cuestións como a educación de persoas adultas, a aprendizaxe experiencial e a educación na natureza, o turismo literario, os roteiros didácticos e a figura de Romasanta como fenómeno histórico e simbólico. Esta revisión ofrece a base teórica sobre a que se sustenta a proposta educativa que se presenta e evidencia a pertinencia da ruta como ferramenta educativa

Na segunda parte especificase a metodoloxía, describindo dunha forma detallada o enfoque, o deseño e os procedementos empregados. Para isto, seguíronse tres fases complementarias: revisión sistemática, análise territorial e deseño da ruta.

Na terceira preséntase a proposta educativa baseada no deseño da senda literaria, pormenorizando o público destinatario e os obxectivos da mesma. Tamén se explica o deseño do roteiro, as actividades que se propoñen, os recursos materiais, a temporalización estimada, un modelo hipotético de avaliación, o valor educativo, as limitacións detectadas e os resultados esperados da proposta.

A cuarta parte, formada polas conclusións, aborda tanto unha reflexión sobre o potencial da proposta para promover aprendizaxes transformadoras e experiencias inmersivas como unha formulación das súas posibles aplicacións futuras. O documento remata coas referencias bibliográficas en formato APA 7 e coa integración dos anexos pertinentes.

En conxunto, o traballo aposta por unha metodoloxía activa e contextualizada que promove a aprendizaxe significativa e experiencial a través do territorio e da cultura galega, situando o mito e a realidade como eixos dun mesmo proceso formativo integrador e crítico.

No contexto actual da educación de persoas adultas, é esencial explorar novos camiños metodolóxicos que fomenten a aprendizaxe significativa e contextualizada, pois existen paradigmas sociais emerxentes que xa comezaron a repercutir sobre a vida da maior parte dos seres humanos. Neste senso, resulta fundamental ofrecer propostas innovadoras que conecten co interese e co saber previo das persoas, promovendo experiencias educativas enriquecedoras e adaptadas ao medio e buscando dar resposta á participación e ao ocio, paradigmas crecentes hoxe en día (Jiménez et al., 2009).

Polo tanto, no presente traballo propónse unha senda literaria e didáctica dirixida ao público adulto, a cal está baseada na figura de Romasanta, coñecido coma o lobishome de Allariz. No roteiro combínanse historia, literatura e patrimonio tanto natural como cultural co obxectivo de proporcionar unha experiencia educativa integral e transformadora. Nesta liña, a proposta enmárcase dentro das correntes pedagóxicas que apostan pola aprendizaxe experiencial, nas que o coñecemento se constrúe a partir da interacción directa coa contorna e da reflexión sobre a vivencia (Kolb, 1984).

Segundo Gómez et al. (2025), a aprendizaxe que se desenvolve no medio natural ten un gran potencial para favorecer a comprensión, a motivación e a conexión emocional co contido, especialmente en persoas que valoran a utilidade e a aplicabilidade do aprendido. Neste caso, a natureza non só serve como escenario, senón tamén como contido, pois os espazos onde se desenvolveu a historia de Romasanta convértense en puntos de partida para narrar a lenda e contrastala coa realidade. Así, as persoas participantes poderán analizar criticamente a construción do mito e a súa repercusión na memoria colectiva e na identidade cultural.

Cabe destacar que a figura de Romasanta, lonxe de ser unicamente un caso criminal do século XIX, converteuse nun elemento central do imaxinario galego, reinterpretado dende a literatura, a tradición oral e a cultura popular (MacSaw, 2020). Esta diversidade de enfoques fai que sexa o fío condutor idóneo para unha proposta educativa multidisciplinar que integre coñecementos históricos, literarios e culturais. Ademais, a análise crítica da súa construción e evolución como mito fomenta o desenvolvemento de habilidades reflexivas e unha actitude crítica ante os procesos de conformación da memoria colectiva galega.

Con respecto ás rutas literarias, tal e como sinala Barriga (2017), estas constitúen ferramentas pedagóxicas de gran valor dentro da educación literaria e patrimonial debido ao fomento polo diálogo entre texto e territorio, entre ficción e realidade. Estas iniciativas tamén permiten a adquisición de valores ambientais e turísticos, fomentando un uso sostible e educativo do medio. Neste caso en concreto, a través da senda proposta percórrense lugares reais vencellados á vida e á lenda de Romasanta, artellando un discurso educativo que ten como eixe central o contacto co patrimonio natural e cultural de Galicia.

Por conseguinte, este traballo ten como finalidade deseñar unha proposta de innovación educativa na natureza non implementada, na que se presenta unha senda literaria e didáctica como ferramenta para a educación de persoas adultas. Así pois, por medio do estudo do caso de Romasanta e da súa pegada no territorio, o que se pretende é ofrecer unha experiencia inmersiva que lles permita aos participantes comprender mellor a contorna galega, as narrativas culturais que a configuran e os valores que a sustentan. Ademais, a proposta estrutúrase arredor de varias paradas chave do roteiro, nas que se suxerirán actividades didácticas centradas no debate, na interpretación e na reflexión.

2. Obxectivos

Mediante a elaboración do presente traballo preténdese conseguir unha serie de obxectivos, os cales se mostran a continuación.

- **Obxectivos xerais:**

- Analizar o patrimonio cultural e literario relacionado coa figura de Manuel Blanco Romasanta, destacando o nexo entre historia, mito e literatura no contexto natural galego.
- Crear unha proposta de ocio educativo na natureza dirixida a persoas adultas, fomentando o seu interese e participación a través de actividades didácticas nos lugares máis icónicos da historia de Romasanta.

- **Obxectivos específicos:**

- Analizar as posibilidades pedagóxicas das sendas literarias como recurso didáctico na educación de persoas adultas.

- Explorar a xeografía natural galega pola que supostamente transitou Romasanta, verificando a súa accesibilidade actual para o deseño dun roteiro literario viable.
- Diseñar unha senda literaria polos espazos naturais vencellados aos feitos históricos de Romasanta, favorecendo unha aproximación significativa á súa figura.

3. Marco teórico

Neste apartado abórdanse cinco grandes cuestións esenciais para fundamentar a temática do presente traballo: a educación de persoas adultas; a aprendizaxe experiencial e a educación na natureza; o turismo literario como ferramenta educativa; os roteiros didácticos como recurso pedagóxico, e a figura de Manuel Blanco Romasanta.

3.1. Educación de persoas adultas

Na actualidade, a educación de persoas adultas é un campo en auge nunha sociedade que ten en conta a aprendizaxe ao longo da vida, entendida como un dereito esencial (Da Trindade e Santos, 2015). Nesta liña, Morón (2014) e Moreno (2015) defenden que a formación non se limita soamente á etapa escolar infantil, senón que se divulga máis aló, abranguendo outros períodos do ciclo vital e recoñecendo así a educación de persoas adultas como unha realidade educativa consolidada no marco da aprendizaxe permanente.

Con todo, Acero et al. (2018) afirman que, a pesar da súa importancia, a existencia de estudos que xustifican este tema segue a ser limitada e, na súa maior parte, orientada a contextos formais. Polo tanto, o citado documento céntrase na comprensión dos procesos da aprendizaxe adulta en situacións de educación non formal, co obxectivo de facer unha achega científica a este ámbito.

Neste contexto, Sarrate e Pérez (2005) salientan que as novas concepcións educativas entenden ao ser humano como un suxeito en constante evolución, polo que é preciso dispoñer de modelos formativos abertos e adaptables que posibiliten o seu desenvolvemento e perfeccionamento continuo ao longo da vida. Esta perspectiva cobra especial relevancia na idade adulta, etapa que, a pesar de non formar parte da escolarización obrigatoria, segue ofrecendo diversas posibilidades para adquirir

coñecementos, destrezas e valores que favorezan tanto a participación e a integración social coma o crecemento persoal e profesional (Sarrate e Pérez, 2005; Morón, 2014).

Sarrate e Pérez (2005) tamén sinalan que existen diversos factores, como a constante transformación do mundo laboral, o aumento do tempo de ocio, o avance tecnolóxico, o incremento da lonxevidade e a democratización da educación básica, que xustifican a necesidade de garantir o acceso a oportunidades de formación, promovendo unha verdadeira cultura da aprendizaxe e fortalecendo a conexión entre educación, formación e emprego.

Dende un punto de vista psicopedagóxico, Kolb (1984) destaca o modelo de aprendizaxe experiencial, baseado nun ciclo composto por catro fases -Experiencia Concreta (vivencia), Observación Reflexiva (observación), Conceptualización Abstracta (razoamento) e Experimentación Activa (acción)- que, combinadas, permiten crear representacións mentais da realidade e transformalas en coñecemento funcional. Este enfoque resulta especialmente axeitado para a educación de persoas adultas, pois facilita a adaptación da aprendizaxe ás súas vivencias previas, intereses e estilos cognitivos, os cales sería ideal coñecer para axustar as metodoloxías e favorecer un proceso máis significativo e personalizado. Aínda que o peso de cada fase pode variar segundo a persoa e o contexto, a aprendizaxe acadará máis consistencia cando se integran a experiencia directa, a análise crítica, a formulación de conceptos e a aplicación práctica. Por tanto, Kolb (1984) tamén aposta pola aprendizaxe de persoas adultas en contextos non formais, un ámbito de intervención que vai gañando recoñecemento, malia que aínda non conte con suficiente evidencia empírica.

Ademais, cómpre facer fincapé en dous dos paradigmas emerxentes identificados por Jiménez et al. (2009) no contexto da educación de adultos: o da participación, que promove a implicación activa da cidadanía na toma de decisións e na corresponsabilidade social, e o do ocio, entendido como un eixe central na configuración das etapas vitais e no desenvolvemento persoal. Ambos conectan co valor das propostas de lecer educativo na natureza, nas que o tempo libre se converte nun escenario para favorecer a aprendizaxe crítica e promover a construción de coñecemento compartido.

3.2. Aprendizaxe experiencial e educación na natureza

Toda a literatura especializada considera a experiencia directa como alicerce fundamental da aprendizaxe, entendida esta como un cambio relativamente duradeiro no comportamento, resultado da interacción co medio (Klein, 1994). Este supón unha transición desde un estado de ignorancia a un de coñecemento, mellorando a capacidade da persoa para adaptarse á súa contorna (Tarpy, 2001).

Nesta liña, Kolb (1984), na súa teoría da aprendizaxe experiencial, destaca o papel central da vivencia como motor do coñecemento, desenvolvendo un ciclo de aprendizaxe baseado en actuar, observar, pensar e aplicar. Este modelo valida a idea de que o saber se constrúe a partir das reflexións sobre as propias accións, que despois se transforman en coñecemento aplicable.

Estudos posteriores, como é o de Pinzón (2016), amplían esta concepción, subliñando que cada individuo tende a percibir e integrar a información segundo a súa maneira de comprender o mundo. Pola súa banda, Del Pino (2020) reforza que a metodoloxía baseada na experiencia, ligada ao traballo e á reflexión, contribúe a consolidar aprendizaxes máis profundas e duradeiras ao converter a actividade en algo significativo para quen aprende.

Cando este enfoque se aplica no medio natural, o seu impacto intensifícase. Segundo Otero (1998), as saídas ao aire libre son unha ferramenta de recursos didácticos moi valiosa, xa que fomentan o desenvolvemento de valores persoais e sociais, superando os límites do ensino excesivamente abstracto das aulas. Estas experiencias, vividas de maneira individual e contextual, promoven unha maior receptividade cara ao novo coñecemento, sendo a natureza un escenario propicio para a implementación de propostas pedagóxicas de carácter transversal e multidisciplinar.

Silva e Oliveira (2021) apoian esta idea ao definir a educación na natureza como un proceso dinamizador que impulsa o crecemento persoal mediante a superación, o coñecemento de si mesmo e a colaboración, ao tempo que facilita a aproximación dos contidos académicos ao contexto real. Polo tanto, esta visión aposta por unha inmersión activa que conecta directamente co territorio, coas paisaxes e coas culturas locais, favorecendo aprendizaxes contextualizadas e significativas.

3.3. Turismo literario como ferramenta educativa

O turismo literario constitúe unha modalidade emerxente dentro do turismo cultural, que destaca polo seu potencial didáctico e pola capacidade para conectar á cidadanía co patrimonio dun territorio. Esta práctica nace do vínculo afectivo que se establece entre as persoas lectoras e as obras literarias, o cal xera interese por coñecer os lugares que inspiraron ou acolleron os escenarios descritos nos textos ou mesmo a vida dos autores (Coutinho et al., 2016).

A literatura forma parte do patrimonio cultural inmaterial, como expresión artística e transmisora de memoria e valores colectivos. Así pois, os textos non se deben considerar elementos illados ou estáticos, senón instrumentos culturais que poden ser activados a través da súa contextualización territorial. Isto implica superar a visión tradicional do libro como única canle de acceso á literatura e fomentar experiencias inmersivas que integren patrimonio material, inmaterial e natural (Coutinho et al., 2016).

No ámbito educativo, a literatura funciona como un recurso vivo que permite activar a memoria colectiva e promover a educación patrimonial. Neste sentido, as rutas literarias pódense ver como ferramentas de aprendizaxe interxeracional, nas que se entrelazan o coñecemento histórico, a cultura local e a dimensión emocional dos espazos. Estes percorridos axudan a conectar o presente co pasado, facilitando unha aprendizaxe situada e contextual (Carvalho et al., 2010).

Pola súa parte, Bataller (2023) indica que as rutas literarias revelan un valor pedagóxico significativo, pois permiten traballar a competencia lectora e literaria dunha maneira inmersiva, motivadora e interdisciplinar. Estas rutas pódense empregar como recurso didáctico para fomentar unha recepción crítica e estética da literatura, favorecendo que o alumnado non só comprenda os textos, senón que experimente a súa dimensión simbólica ao visitar fisicamente os espazos que lles dan sentido.

Deste xeito, o acto de ler vese reforzado pola emoción que xorde ao vincular o contido literario co lugar real, xerando vivencias memorables e significativas e potenciando o valor cultural da contorna. Así, a lectura transfórmase nunha experiencia que transcende o libro, ao implicar o mundo físico e social que o rodea (Bataller, 2023).

Nesta mesma liña, Pillet (2014) destaca a especial importancia do papel do lugar, onde a obra se transforma nunha guía de lectura do territorio e o espazo, nun texto

que pode ser interpretado. Neste senso, o turismo literario une a literatura e o espazo xeográfico, resignificando os lugares e, á vez, activando novas lecturas e experiencias vinculadas ao contido dos textos. Esta dinámica potencia unha mirada crítica e emocional sobre o medio, contribuíndo á formación dunha identidade territorial.

De feito, como sinala Somoza (2011), os lugares e territorios poden ser convertidos en palabras, xerando unha lectura simbólica que transforma o territorio nun escenario de significados culturais. Esta relación entre literatura, xeografía e turismo permite activar a memoria colectiva e resignificar a paisaxe dende unha perspectiva cultural e afectiva. Desta maneira, os roteiros literarios actúan como interfaces entre a palabra e o territorio, ofrecendo unha experiencia na que o espazo se interpreta e se vive e na que o acto de viaxar se converte tamén nun proceso de aprendizaxe e reflexión.

Do mesmo modo, Orduna e Urpí (2010) afirman que os itinerarios literarios representan unha oportunidade para dinamizar o patrimonio cultural dende unha visión inclusiva e participativa. A través deles, pódense promover procesos de apropiación simbólica do espazo por parte da comunidade, xerando iniciativas locais de desenvolvemento sostible baseadas na cultura. No plano formativo, esta implicación na posta en valor do medio contribúe a xerar aprendizaxes con sentido e a desenvolver o compromiso cidadán.

Dende o eido educativo, engadir as rutas literarias ao compendio de ferramentas didácticas require unha actitude moi innovadora por parte do profesorado, así como disposición para apostar por novas formas de ensinar e aprender. Trátase de levar a aprendizaxe máis alá da aula, conectándoa co territorio habitado, coa súa cultura e coa súa historia. Desta maneira, os itinerarios literarios convértense nun recurso interdisciplinar que promove a lectura, a observación crítica da contorna, a reflexión estética e a construción colectiva do coñecemento, combinando motivación, lecer e aprendizaxe significativa (Bataller, 2023).

3.4. Os roteiros didácticos como recurso pedagóxico

Os roteiros didácticos constitúen unha ferramenta educativa que permite combinar coñecemento teórico co contacto directo co medio, favorecendo unha aprendizaxe activa e experiencial. Implican, ademais, un percorrido planificado por diferentes espazos, nos cales se desenvolven actividades formativas que facilitan a

comprensión dos contidos, a contextualización do saber e o desenvolvemento de competencias cognitivas e emocionais (Insa, 2004).

Tal e como indica Insa (2004), a súa principal función consiste en conectar os participantes coa contorna, promovendo un enfoque situado onde o coñecemento se constrúe a partir da vivencia directa. Esta metodoloxía potencia a motivación, o interese e a implicación activa, elementos chave para acadar unha aprendizaxe duradeira

Segundo Kolb (1984), o coñecemento xorde da experiencia directa e da reflexión sobre a mesma, encaixando perfectamente co fin dos roteiros didácticos. Estes permiten entrar en contacto real co contido, xerando emocións e vínculos que fortalecen o proceso formativo. Pola súa banda, Ausubel (1968) afirma que a aprendizaxe resulta máis eficaz cando os novos coñecementos se relacionan con ideas xa presentes na estrutura mental da persoa. Neste sentido, os roteiros favorecen ese proceso ao vincular os contidos escolares coa realidade cotiá do alumnado.

Dende unha perspectiva crítica e transformadora, Orduna e Urpí (2010) sinalan que os roteiros poden ser unha ferramenta valiosa para a educación en valores, ao conectar ás persoas partidipantes coa historia e cultura do lugar, fomentando actitudes de respecto e coidado do mesmo. Carvalho et al. (2010) engaden que tamén permiten sensibilizar sobre cuestións sociais e ambientais, favorecendo a formación dunha cidadanía activa, crítica e responsable.

Pola súa banda, Montaña e Soto (2022) subliñan que os roteiros, especialmente os literarios, ofrecen unha experiencia de aprendizaxe enriquecedora que vincula texto e territorio. Estes percorridos permiten achegarse á obra dos autores, ampliar o coñecemento cultural, establecer relacións co espazo e vivir a literatura dun xeito moito máis próximo e rico.

Dende un punto de vista práctico, Guerra et al. (2021) recollen a percepción do alumnado sobre o uso desta ferramenta no contexto educativo. Os resultados do estudo evidencian que os roteiros literarios contribúen á fixación de contidos, organizan mellor as actividades, fortalecen a autonomía e facilitan o seguimento das tarefas. Ademais, permiten recuperar saberes previos, detectar erros e orientar o proceso formativo.

Neste sentido, os roteiros didácticos configúranse como unha proposta pedagóxica sólida que integra patrimonio, cultura e medio como elementos centrais no

proceso de ensinanza-aprendizaxe, facilitando unha educación situada, activa e transformadora (Guerra et al., 2021).

3.5. A figura de Manuel Blanco Romasanta

A figura de Manuel Blanco Romasanta non se extinguiu co seu xuízo nin coa súa morte. Ao contrario, foi a partir dese momento cando comezou a súa transformación definitiva, xa non en lobo, senón en lenda. O seu nome espallouse polos pobos galegos, instalouse no imaxinario colectivo e fusionouse cos medos máis profundos da tradición oral (Barrow, 2019; Domínguez e Bustillo, 2020).

3.5.1. Contexto histórico e vida do personaxe

Manuel Blanco Romasanta naceu no ano 1809 na aldea de Regueiro, pertencente ao concello de Esgos (Ourense), no seo dunha familia labrega. Foi rexistrado como “Manuela” por mor dunha aparente ambigüidade xenital, pero tras unha avaliación médica, recoñecéuselle legalmente a identidade masculina. Este feito singular contribúe á percepción extraordinaria do personaxe, o que o afastou sempre das normas da sociedade rural do século XIX (Domínguez e Blanco, 1991).

Romasanta contaba cun nivel de alfabetización pouco habitual na súa contorna: lía, escribía e falaba castelán, o que lle permitiu exercer como vendedor ambulante, escribán e mesmo curandeiro (Domínguez e Blanco, 1991; Macsaw, 2020). Estes oficios facilitáronlle unha ampla mobilidade e unha considerable rede de relacións en diversas aldeas do interior galego, o que dificultou en gran medida a reconstrución exacta do seu percorrido vital. Ademais, presentábase coma un home afable, relixioso e ben integrado na comunidade (Macsaw, 2020).

Entre 1846 e 1852 prodúcense nas provincias de Ourense e Lugo as desaparicións de varias persoas, especialmente mulleres e crianzas pequenas, que viaxaban baixo súa protección. Con isto, atribúeselle a morte de trece vítimas, cuxos obxectos persoais eran vendidos por el mesmo Macsaw (2020). Tamén se afirma que elaboraba xabón a partir da graxa humana, polo que foi alcumado “home do unto”, o que contribuíu a acrecentar a súa figura criminal e, ao mesmo tempo, o mito (Mariño, 2007).

Despois de fuxir a Portugal, foi capturado e procesado en Allariz no ano 1853. No xuízo, que tivo unha enorme repercusión mediática, alegou padecer unha maldición

que o transformaba en lobishome, introducindo así a licantrópía como parte da súa defensa (Barrow, 2019). A sentenza condenouno á pena de morte, mais a raíña Isabel II conmutou a condena por cadea perpetua. Morreu no cárcere de Ceuta arredor do ano 1863, a consecuencia da disentería (Domínguez e Blanco, 1991; Macsaw, 2020).

Por tanto, a historia vital de Romasanta sitúase nunha Galicia marcada pola miseria, a analfabetización e a superstición popular. A acusación contra o que era considerado un home amable e crente, sumado á alegación de licantrópía, contribuíu a que o seu relato transcendese o imaxinario colectivo galego, quedando a medio camiño entre a realidade e o mito (Macsaw, 2009; Domínguez e Bustillo, 2020).

3.5.2. Da historia ao mito: A construción do lobishome

A figura de Manuel Blanco Romasanta supera os límites do suceso criminal para consolidarse coma un mito que perdura na memoria colectiva galega. O seu caso, envolto nun contexto de miseria, superstición e illamento propio da Galicia do rural do século XIX, combina crimes brutais, misterio, fuga, xuízo mediático e a alegación insólita da transformación en lobo, elementos que alimentaron a súa lenda (Domínguez e Blanco, 1991; Domínguez e Bustillo, 2020). Cabe destacar que dita xustificación provocou o interese social e introduciu no proceso o discurso da ciencia e da medicina, en contraste coa visión máis relixiosa e irracional (Mariño, 2007).

Segundo Macsaw (2020), a ambigüidade entre a súa aparencia e os actos polos que estaba imputado provocou un choque simbólico que o posicionaba entre un ser humano e un monstro, converténdoo nunha figura case sobrenatural. O unto, é dicir, a graxa humana; os asasinatos de nenos e nenas, e todo o que a maiores se contaba reforzaron a lenda, que casaba á perfección co que xa se contaba na tradición oral galega.

A súa historia integra moitos dos elementos habituais da tradición do rural galego: viaxeiros misteriosos, desaparecidos sen rastro, forzas escuras do monte... (Macsaw, 2009). Ao longo do tempo, a literatura, a cultura popular e mesmo o cine, como o filme *El bosque del lobo*, dirixido en 1970 por Pedro Olea, contribuíron a perpetuar esta imaxe ambivalente entre realidade e fantasía (Olea, 1970).

A análise de Macsaw (2020) destaca como os rexistros históricos foron reinterpretados e amplificados co paso dos anos, xerando novas versións e relatos arredor da figura de Romasanta. Combínase así a realidade cunha serie de símbolos que

responden aos medos colectivos e que reflicten o descoñecemento sobre a ciencia, a natureza e a cultura.

Así, a figura do lobishome emerxe non só como unha defensa estratexicamente empregada no xuízo, senón como un mecanismo cultural para explicar o inxustificable, un recurso simbólico que, nun contexto de ausencia de respostas racionais, permite dar sentido ao horror dende a relación ancestral co lobo e coa natureza salvaxe (MacSaw, 2020).

3.5.3. Presenza na literatura e na cultura galega

A historia de Romasanta deixou unha fonda pegada na cultura galega, converténdose nunha figura simbólica máis alá do crime. O seu relato, que combina realidade e lenda, inspirou múltiples obras de diversos xéneros culturais (MacSaw, 2020).

Vicente Risco, un escritor ourensán, foi un dos primeiros en mencionar o caso, incorporándoo como mostra da presenza do lobishome no imaxinario rural galego. O caso de Romasanta convértese nun referente real que alimenta e renova esta tradición (Domínguez e Blanco, 1991). No caso da narrativa, títulos coma *Romasanta: Tras os pasos do lobishome*, un exemplo recente, abordan o personaxe dende un punto de vista que mestura crónica e divulgación coa reflexión do autor sobre a pegada que este caso deixou no territorio (MacSaw, 2020).

A historia de Romasanta mantense viva na cultura popular galega, sendo unha referencia nos roteiros culturais, nos programas de misterio, nos documentais e mesmo nos podcast, facendo perdurar o mito ao longo do tempo (Domínguez e Bustillo, 2020). Alén diso, esta lenda tamén é fonte de propostas educativas e turísticas ligadas ao patrimonio, que promoven a dinamización local, combinando historia, literatura e identidade (MacSaw, 2009).

Romasanta representa un emblema cultural que permite repensar o medo, a identidade e a racionalidade dende unha visión actual. A riqueza simbólica deste relato manteno vivo, valendo como vínculo entre historia, cultura e educación (Domínguez e Blanco, 1991; MacSaw, 2020).

4. Metodoloxía

O presente traballo enmárcase nun proxecto de innovación educativa no ámbito da educación non formal de persoas adultas. A súa realización centrouse na análise documental e territorial como base para o deseño dunha proposta de intervención contextualizada. Para iso, seguíronse tres fases complementarias: a revisión teórica, a análise dos espazos e o deseño da senda literaria.

Na primeira delas, realizouse unha revisión documental sistemática co fin de delimitar o estado da cuestión e fundamentar teoricamente a proposta. Así pois, recompilouse e analizouse información procedente de documentos informativos, recursos en liña de carácter contrastado e fontes académicas, como artigos científicos, libros especializados e teses. Esta revisión permitiu abordar aspectos chave como a educación de persoas adultas, a aprendizaxe experiencial e a educación na natureza, o turismo literario, os roteiros didácticos e a figura de Manuel Blanco Romasanta.

A segunda fase consistiu na análise territorial dos espazos asociados á vida, aos crimes e ao xuízo de Romasanta dentro da provincia de Ourense. Con tal fin, empregáronse técnicas cualitativas como a observación non participante durante as visitas aos lugares seleccionados e a análise de contido de diversas fontes documentais e testemuñais. Este proceso incluíu a localización e o estudo dos enclaves mencionados na literatura e noutras fontes históricas, así como a valoración do seu interese narrativo e patrimonial, da súa potencialidade didáctica e do seu grao de accesibilidade.

Cabe destacar que os enclaves seleccionados foron visitados para verificar o estado actual dos mesmos e valorar a viabilidade da súa incorporación ao roteiro. Este traballo de campo completouse mediante conversas informais con persoas residentes, cuxa memoria oral e coñecemento local contribuíron a contextualizar certos elementos históricos e a aumentar a información do caso deste personaxe tan emblemático. Estas técnicas de exploración e indagación directa enriqueceron a análise e permitiron incorporar perspectivas propias do territorio.

Por último, procedeuse ao deseño da proposta educativa. Esta fase inclúe o perfil do público destinatario, os obxectivos, a construción do roteiro, as actividades programadas, os recursos materiais, a temporalización e un modelo de avaliación, así como o valor educativo que dita senda literaria proporciona. A maiores, detállanse as limitacións e os resultados esperados da mesma.

5. Proposta

A proposta configúrase como unha experiencia educativa no ámbito non formal centrada na figura de Manuel Blanco Romasanta. A través dunha senda literaria que percorre espazos significativos da súa vida e lenda na provincia de Ourense. O deseño da actividade fundaméntase nos principios da aprendizaxe experiencial, combinando desprazamento, observación directa, interpretación do patrimonio e participación activa por parte das persoas destinatarias.

O itinerario desenvolverase ao longo dun día completo, mediante un percorrido en autobús que integra tramos a pé, charlas divulgativas, actividades lúdico-didácticas, unha ruta de sendeirismo e momentos para a reflexión colectiva e o debate. O conxunto da proposta pretende favorecer unha aproximación inmersiva ao territorio, ao tempo que combina o rigor histórico coas posibilidades pedagóxicas, ofrecendo unha experiencia vivencial e crítica dirixida a un público adulto. Ademais, foi deseñada de maneira que, de levarse a cabo, puidese ser viable, segura e respectuosa co medio e co patrimonio, favorecendo un uso educativo e sostible do territorio.

Para a súa posta en práctica, o roteiro será xestionado por unha empresa organizadora, que se encargará de establecer os prezos, contratar os seguros correspondentes e poñer os medios de transporte precisos para o desenvolvemento da actividade, garantindo así a cobertura loxística e legal da mesma.

Ao tratarse dunha actividade encadrada no ámbito da educación non formal, non existe unha lexislación específica que regule directamente a súa execución. Non obstante, resulta pertinente ter en conta a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no que atinxe ao principio de aprendizaxe ao longo da vida. Así mesmo, cómpre garantir que a proposta se desenvolva en condicións de seguridade, respecto ambiental e accesibilidade, cumprindo a normativa vixente en Galicia. Para iso, teranse en conta disposicións como a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia; a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

5.1. Perfil do público destinatario

A proposta didáctica está orientada a persoas adultas maiores de 18 anos, sen límite superior de idade, pero cunha condición física suficiente para realizar un

percorrido a pé de dificultade media-alta, durante aproximadamente 5 horas. Non se require formación específica previa, mais si disposición para camiñar, reflexionar en grupo e participar nas dinámicas propostas ao longo do itinerario, ademais de interese en experiencias formativas alternativas que integren cultura, literatura, historia e natureza.

O perfil deste público caracterízase por un elevado grao de motivación intrínseca, derivado do desexo de coñecer mellor o territorio, de participar en actividades culturais con sentido crítico e de vivenciar a aprendizaxe dende enfoques activos e participativos. A actividade está especialmente indicada para persoas con interese na memoria histórica, no patrimonio cultural galego e na literatura, así como para colectivos vinculados a entidades culturais, asociacións de carácter educativo ou centros de educación de persoas adultas.

Do mesmo xeito, resulta pertinente para docentes, profesionais do ámbito sociocultural ou persoas dedicadas ao lecer educativo que desexen explorar novas metodoloxías de aprendizaxe experiencial e contextualizada. Por cuestións organizativas e pedagóxicas, recoméndase un grupo reducido, de entre 10 e 15 participantes, co fin de garantir unha adecuada interacción e atención durante todo o proceso formativo.

Ademais, co obxectivo de garantir a seguridade e tranquilidade de todas as persoas participantes, disporase dun seguro de responsabilidade civil que cubra as posibles incidencias durante o desenvolvemento da actividade.

5.2. Obxectivos

A través da proposta didáctica deseñada preténdese conseguir unha serie de obxectivos orientados a promover a aprendizaxe significativa mediante a interacción co territorio, a literatura e o patrimonio. Estes son os seguintes:

- **Obxectivo xeral:**
 - Apreciar o valor patrimonial, cultural, natural e literario de Galicia por medio da experiencia directa e da aprendizaxe situada.
- **Obxectivos específicos:**
 - Participar nunha senda literaria, vivenciando a historia de Romasanta dende unha perspectiva crítica e reflexiva.

- Promover o interese polo patrimonio e pola literatura galega a través do contacto directo cos lugares relacionados co relato de Romasanta.
- Fomentar actitudes de respecto, diálogo e participación activa nun contexto de aprendizaxe compartida.
- Establecer un vínculo afectivo cos lugares percorridos e co medio natural, recoñecendo o valor dos mesmos como espazos educativos.

5.3. Deseño do roteiro

Para o deseño do percorrido, procedeuse, nun primeiro lugar, á definición dos criterios de selección dos espazos, baseándose na súa relevancia histórica, simbólica e pedagóxica, así como na súa accesibilidade e viabilidade para ser integrados nun itinerario dun día. Unha vez establecidos, elaborouse a descrición detallada das diferentes paradas e etapas que conforman o roteiro, xustificando a elección de cada enclave en función do seu vínculo coa figura de Manuel Blanco Romasanta e do seu potencial como recurso didáctico no contexto da educación de persoas adultas.

5.3.1. Criterios de selección dos espazos

A selección dos lugares que conforman a senda literaria realizouse a partir dunha revisión exhaustiva da información dispoñible en libros, artigos científicos e fontes web, cuxa finalidade era identificar os principais espazos relacionados coa vida, cos desprazamentos e co xuízo de Manuel Blanco Romasanta. A partir desta listaxe inicial, levouse a cabo unha análise comparativa que permitiu escoller aqueles enclaves de maior relevancia histórica, simbólica e pedagóxica.

Neste proceso, valoráronse especialmente aqueles lugares que presentaban posibilidades narrativas significativas que permitisen abordar o contexto histórico do século XIX, así como elementos do patrimonio cultural galego, da tradición oral e do imaxinario popular en canto á figura do lobishome de Allariz. A elección destes espazos responde, así mesmo, ao propósito de garantir a riqueza e densidade dos contidos vinculados á contorna, tendo en conta o seu potencial formativo no marco da educación non formal

Optouse centrar a proposta exclusivamente na provincia de Ourense debido á elevada concentración de feitos documentados neste territorio e o seu alto valor dende

unha perspectiva educativa e histórica. Esta decisión responde ao propósito de construír unha proposta viable que, ao mesmo tempo, resulte significativa e contextualizada.

Unha vez realizada a visita exploratoria aos lugares preseleccionados, aplicáronse criterios de viabilidade e accesibilidade co fin de deseñar un itinerario realizable nunha única xornada. Para isto, priorizáronse os espazos próximos entre si e cunhas condicións de acceso axeitadas, aspecto que supuxo a exclusión de certos enclaves cuxa situación xeográfica comprometía a estrutura temporal e organizativa do roteiro nun só día.

Cabe destacar que, durante este proceso de indagación, tamén foron descartados outros espazos mencionados nas fontes documentais que actualmente son difíciles de localizar, como é o caso de A Redondela e As Gorvias, enclaves pertencentes á contorna da Serra de San Mamede.

Ademais dos criterios anteriores, tívose en conta a coherencia narrativa do percorrido, seleccionando un conxunto de lugares que permitisen construír un relato sólido e articulado sobre a figura de Romasanta. Polo tanto, rexeitáronse aqueles espazos cuxa relación co eixe temático era secundaria, pouco documentada ou insuficientemente relevante para ser integrados nunha proposta didáctica experiencial e contextualizada.

5.3.2. Descrición das paradas e das etapas

A senda literaria estrutúrase arredor de oito paradas principais, contando cos puntos de inicio e de remate, pertencentes á provincia de Ourense e elixidas pola súa relevancia documental, simbólica ou narrativa na historia de Manuel Blanco Romasanta. Trátase dun percorrido circular de xornada completa, con saída e chegada na cidade de Ourense, empregando o autobús como medio de transporte principal e incorporando tramos curtos a pé, incluída unha ruta de sendeirismo. Neste sentido, o que se pretende coa proposta é fomentar unha aprendizaxe situada e contextualizada, promover a educación patrimonial e favorecer a conexión emocional co territorio, ofrecendo unha experiencia educativa integral, crítica e transformadora. A continuación, descríbense detalladamente as diferentes paradas do itinerario, xustificando o motivo de inclusión de cada unha delas no roteiro.

1. Ourense: O punto de saída da senda literaria é a estación de autobuses da cidade de Ourense, escollida pola súa situación estratéxica e as súas conexións

intermodais, tanto ferroviarias como por estrada, que facilitan a chegada das persoas participantes procedentes doutras localidades. Este sitio actúa como punto de encontro accesible e funcional, dotado das condicións necesarias para acoller grupos e servir de base loxística do percorrido.

Ademais da súa función operativa, esta primeira parada resulta fundamental dende o punto de vista pedagóxico, pois permite contextualizar a actividade antes de comezar o desprazamento polos espazos vinculados á figura de Romasanta. Durante este primeiro momento, levarase a cabo unha pequena presentación introdutoria na que se exporá o obxectivo da proposta, se lembrarán as normas básicas da xornada e se ofrecerá unha primeira aproximación á vida e ao mito coñecido como o lobishome de Allariz. Así mesmo, facilitarase unha dinámica informal de presentación entre as persoas asistentes para fomentar un clima grupal positivo.

Este intre inaugural tamén está deseñado para activar interese, promover a implicación persoal e establecer as bases dunha experiencia compartida, crítica e significativa ao longo de todo o roteiro.

2. Regueiro: Aldea situada no concello ourensán de Esgos que constitúe unha parada fundamental no roteiro, pois foi o lugar onde, no ano 1809, naceu Manuel Blanco Romasanta. Este enclave conta cunha contorna axeitada para desenvolver unha actividade introdutoria ao aire libre, preferentemente nos bancos do núcleo rural, sen interferir na vida diaria da veciñanza.

Esta parada permite contextualizar a infancia e a orixe familiar do personaxe nun medio rural galego marcado pola precariedade económica, o analfabetismo e a presenza de crenzas populares. Aquí tamén se abordará un dos episodios máis significativos da súa biografía, que é o seu rexistro inicial como “Manuela” debido a unha ambigüidade xenital, posteriormente rectificado mediante avaliación médica, tal e como afirman Domínguez e Blanco (1991). Este feito permite introducir reflexións arredor da construción e identidade, da alteridade e do estigma nun contexto social fortemente condicionado pola moral tradicional e os prexuízos do século XIX.

Regueiro convértese así nun punto de partida simbólico e histórico que facilita a comprensión da traxectoria vital de Romasanta dende unha perspectiva crítica. A visita permite explorar como a contorna, a vida do personaxe e a súa representación simbólica

se entrelazan na memoria colectiva, comezando a analizar a evolución dende a realidade documentada ata a construción do mito.

3. Maceda: Esta vila, localizada na provincia de Ourense, é unha das paradas centrais do roteiro, tanto polo seu valor patrimonial como pola súa vinculación directa coa biografía de Manuel Blanco Romasanta. Isto é porque foi un espazo de tránsito frecuente do personaxe durante a súa etapa adulta, exercendo como vendedor ambulante, escribán e curandeiro, profesións que lle permitían o desprazamento continuo e o contacto con múltiples comunidades da contorna (Domínguez e Blanco, 1991).

A visita centrarase no Castelo de Maceda, símbolo do seu pasado feudal e exemplo relevante do patrimonio histórico galego. A elección deste lugar contribúe a contextualizar visual e simbolicamente a Galicia do século XIX, ofrecéndolle ao grupo participante unha experiencia de inmersión patrimonial. Ademais, dende o castelo, é posible observar unha panorámica dos montes que rodean a vila, o que permite reconstruír o escenario físico no que Romasanta desenvolvía as súas actividades.

Durante esta parada abordarase o papel do personaxe como individuo alfabetizado nun contexto rural maioritariamente analfabeto, así coma o impacto que esta habilidade tivo na súa posición social e na confianza que xeraba nas comunidades locais. Tamén se analizará o contexto sociocultural da época, fortemente influenciado pola tradición oral, o medo colectivo e as crenzas supersticiosas, factores chave para comprender como se foi construíndo o seu mito.

Deste xeito, a inclusión de Maceda no percorrido permite afondar nas dimensións cotiás, sociais e económicas da vida de Romasanta, proporcionando unha visión máis complexa da súa figura. Ademais, trátase dun espazo plenamente accesible e dotado de servizos, polo que se converte nun punto estratéxico para reflexionar sobre a realidade histórica e cultural que rodeou os feitos polos que o lobishome de Allariz sería lembrado. En resumo, foi onde se desenvolveron parte dos feitos que lle deron fama ao ser o núcleo da súa actividade comercial e social.

4. Rebordecho: Aldea pertencente ao concello de Vilar de Barrio, situada na base da Serra de San Mamede. Constitúe unha das paradas máis relevantes do roteiro, tanto polo seu valor simbólico como pola súa vinculación directa coa biografía de Manuel Blanco Romasanta. Foi nesta localización onde residiu durante unha parte

significativa da súa vida adulta e desenvolveu parte da súa actividade como vendedor ambulante, curandeiro e escribán. A súa presenza prolongada na comunidade, así como a confianza que xeraba entre a veciñanza e mesmo entre os membros do clero, permitíronlle establecer unha rede de relacións sociais que foi chave para a súa mobilidade e integración no medio (Domínguez e Blanco, 1991; Macsaw, 2020).

Segundo as fontes documentais, Rebordechao foi un dos seus principais refuxios durante os anos nos que se produciron os crimes polos que sería xulgado posteriormente. Aquí residía cando comezaron a desaparecer varias mulleres e nenos aos que supostamente acompañaba a outras localidades, e foi nesta contorna onde xurdiron as primeiras sospeitas sobre a súa implicación, o que acabou provocando a súa fuxida. Esta parada permite afondar nunha das etapas máis escuras e opacas da súa vida, abordando o papel das relacións interpersoais que facilitaban os seus movementos e a estrutura social das aldeas galegas da época como factores que posibilitaron os seus movementos e actuacións. Así pois, a zona mantén un forte valor simbólico e histórico pola súa vinculación cos feitos delituosos.

Durante a visita, realizarase unha explicación contextual sobre a dinámica social da época e o rol que xogaba Romasanta na comunidade. Posteriormente, promoverase un percorrido libre pola aldea, pouco explotada turisticamente, para facilitar a observación directa do territorio e fomentar a reflexión crítica sobre a convivencia entre memoria, crime e vida cotiá.

Rebordechao ofrece unha oportunidade única para achegarse á figura do personaxe dende unha perspectiva máis íntima e humana, fóra dos espazos institucionais ou mitificados. Neste sentido, será o punto de partida da seguinte etapa do roteiro: a ruta a pé polos montes da Serra de San Mamede, que permite establecer unha transición simbólica e espacial cara aos escenarios vinculados ao mito e á natureza.

5. Serra de San Mamede: Localízase entre os concellos de Baños de Molgas, Maceda, Montederramo e Vilar de Barrio. É unha das zonas máis emblemáticas asociadas á figura de Manuel Blanco Romasanta. Esta área montañosa, de vexetación densa e perfil agreste, forma parte do imaxinario colectivo como escenario dos feitos máis escuros atribuídos ao personaxe.

Dentro desta serra, o enclave coñecido como As Gorvias destaca particularmente como un espazo simbólico, ao que numerosas fontes orais e documentais se refiren

como “os bosques da morte” (Domínguez e Blanco, 1991; Macsaw, 2020). Alí cometéronse varios dos crimes polos que Romasanta foi condenado, malia que a súa localización exacta non figura nos mapas actuais. Porén, múltiples referencias sitúan As Gorvias na contorna de Rebordechao, o que xustifica a súa incorporación no roteiro como parte dunha etapa de transición entre esta aldea e o espazo montañoso. Isto lévase a cabo mediante un tramo a pé polos montes da Serra de San Mamede, o cal lles permite ás persoas participantes unha inmersión directa na paisaxe que se vincula á vida e á lenda de Romasanta. Este territorio convértese así nun dos puntos centrais do relato criminal e lendario que envolve ao personaxe.

Esta ruta pola serra non só contribúe a reconstruír os desprazamentos habituais do protagonista, senón que fomenta o desenvolvemento da imaxinación e da reflexión crítica sobre a relación entre territorio, memoria e mito. Trátase dun escenario idóneo para introducir debates sobre o simbolismo da natureza e o medo ancestral ao descoñecido.

Á súa vez, o lugar conecta con outros enclaves mencionados nas fontes documentais, como A Redondela, onde se lle atribúen a Romasanta varios dos asasinatos, entre eles os de Manuela García Blanco, a súa filla Petra e a adolescente María, filla de Antonia Rúa (Macsaw, 2020). A imposibilidade de localizar con precisión estes escenarios concretos non diminúe o valor didáctico desta etapa, pois a contemplación panorámica dos montes e a contextualización narrativa dos feitos contribúen á reconfiguración emocional e simbólica do espazo.

Polo tanto, a Serra de San Mamede convértese nun eixe chave do roteiro, ofrecendo unha oportunidade para afondar no papel do territorio como soporte da narración criminal e mitolóxica e traballar a interacción entre natureza, historia e ficción. Nesta experiencia inmersiva fortalécese o vínculo emocional co territorio e promóvese unha comprensión máis profunda do mito e da memoria arredor da figura de Romasanta.

6. A Ermida: Esta aldea pertencente ao concello de Vilar de Barrio é un enclave de alto valor simbólico dentro do da proposta didáctica, tanto pola súa relación directa coa figura de Manuel Blanco Romasanta como pola forza da tradición oral que nela pervive. O seu carácter illado, a súa estrutura tradicional e o silencio que a envolve convértena nun espazo privilexiado para explorar o papel do territorio na construción das narrativas populares e da memoria colectiva. A contorna rural, pouco alterada,

facilita a inmersión nun ambiente que axuda a comprender mellor o contexto histórico e cultural da Galicia do século XIX.

Segundo diversos testemuños recollidos durante o traballo de campo, algúns veciños da zona vinculan A Ermida cos desprazamentos de Romasanta, considerándoa un lugar de paso estratéxico nos seus tránsitos cara a Castela. O personaxe utilizaba este enclave durante as súas viaxes, coincidindo coa etapa na que ofrecía acompañamento a mulleres e nenos que máis tarde desaparecerían.

A aldea está formada por aproximadamente 34 paleiras tradicionais, algunhas das cales foron restauradas ou adaptadas. Estas construcións, co seu sistema funcional de herba seca na parte superior e espazo para o gando na inferior, permiten recrear o ambiente rural e funcional no que se desenvolvía a vida da época. Ademais, ilustran a organización doméstica e produtiva característica da Galicia do século XIX, contexto no que se insire a biografía de Romasanta.

Incluír A Ermida no roteiro aporta un nivel máis local e detallado, permitindo mostrarlles ás persoas participantes espazos menos coñecidos, pero con relevancia directa para comprender o contexto no que se desenvolveron as súas transformacións e actividades do lobishome de Allariz.

Dende unha perspectiva pedagóxica, a visita a este enclave é unha oportunidade para traballar a memoria oral e a súa relación cos feitos históricos, analizando como os mitos se constrúen a partir de feitos locais, como se transforma a historia ao ser transmitida de xeración en xeración e cal é o papel das comunidades na conservación ou reinterpretación dos acontecementos do pasado.

7. Allariz: A vila de Allariz constitúe unha das paradas centrais do roteiro, tanto polo seu valor histórico como pola súa relevancia no proceso xurídico e simbólico asociado á figura de Manuel Blanco Romasanta. Foi neste enclave onde, no ano 1853, tivo lugar o famoso xuízo que culminou coa súa pena de morte, posteriormente conmutada por cadea perpetua pola raíña Isabel II. Este feito marca o tránsito definitivo do caso dende a crónica de sucesos ao imaxinario popular, consolidando a figura do “home do unto” como un símbolo a medio camiño entre realidade e mito.

Allariz presenta un centro histórico ben conservado, plenamente accesible e integrado nunha contorna patrimonial e cultural que mantén conexión co turismo literario. Aínda que o edificio no que se celebrou o xuízo xa non cumpre funcións

xudiciais, a súa localización céntrica permite recrear ese momento histórico e interpretar o desenvolvemento do proceso xurídico.

Romasanta presentou unha defensa insólita para a época, alegando padecer licantrópia, o que non só tivo unha repercusión legal, senón tamén social, mediática e científica, atraendo o interese de médicos, xornalistas e autoridades estatais e internacionais. A documentación oficial do proceso, recollida e analizada por autores como Domínguez e Blanco (1991) e Macsaw (2020), inclúe declaracións nas que o acusado afirmaba que non tiña conciencia do que facía cando se transformaba en lobo, o que converte este proceso nun caso sen precedentes na historia penal española. Polo tanto, este é o punto final da liberdade de Romasanta e o comezo da mitificación.

Esta parada permite afondar nas cuestións vinculadas á responsabilidade penal e á figura do lobishome, polo que se trata dun espazo privilexiado para abordar a fronteira entre o crime e a enfermidade mental, entre a racionalizade científica e as crenzas populares do século XIX.

Dende unha perspectiva educativa, Allariz ofrece unha contorna idónea para o desenvolvemento de actividades de reflexión colectiva, ao contar con espazos culturais e museísticos vinculados ao patrimonio local. Así, esta parada consolídase como un lugar chave para comprender a construción social e cultural do relato de Romasanta.

8. Ourense: A estación de autobuses desta cidade é o punto de retorno e peche da senda literaria. Trátase dun enclave estratexicamente escollido pola súa accesibilidade, conexión co transporte público e capacidade para acoller de forma cómoda e segura ao grupo participante. Polo tanto, a elección deste espazo responde á necesidade de facilitar a volta á casa das persoas procedentes doutras localidades, contribuíndo á viabilidade loxística da actividade.

Esta última parada adquire unha función pedagóxica chave ao servir como escenario para a reflexión compartida e a avaliación colectiva da xornada. Nun ambiente distendido pero estruturado, o grupo terá a oportunidade de intercambiar impresións, sistematizar os coñecementos adquiridos ao longo do roteiro e expresar as emocións ou pensamentos que lles espertou o contacto coa figura de Manuel Blanco Romasanta e co territorio que marcou a súa historia.

A través dunha dinámica de peche, promovida dende unha perspectiva participativa, procúrase consolidar a aprendizaxe vivida e reforzar o vínculo emocional

coa senda literaria realizada. Esta sesión final tamén permitirá identificar aqueles aspectos que resultaron máis significativos para as persoas participantes, avaliar o impacto educativo da proposta e recoller suxestións de mellora, contribuíndo así á súa posible reprodución e adaptación a outros contextos formativos.

Unha vez descritas as distintas paradas que conforman a senda literaria, procédese agora á estimación do tempo de desprazamento entre elas. Cabe destacar que todas as etapas se realizarán en autobús (ver Anexo I), excepto a cuarta, que corresponde cun tramo de sendeirismo polos montes da Serra de San Mamede.

1. Ourense-Regueiro: A distancia entre a estación de autobuses de Ourense (42°21'01.6"N, 7°52'25.8"O) e a aldea de Regueiro (42°19'00.7"N, 7°41'42.6"O) percórrese nuns 26 minutos.

2. Regueiro-Maceda: O traxecto dende Regueiro (Esgos) ata o Castelo de Maceda (42°16'13.2"N, 7°39'29.6"O) leva uns 10 minutos.

3. Maceda-Rebordechao: O desprazamento dende ese punto de interese histórico e patrimonial de Maceda, que é o Castelo, ata a aldea de Rebordechao (42°10'34.9"N, 7°30'02.1"O) supón 45 minutos.

4. Rebordechao-San Mamede: Esta etapa realizarase a pé, mediante unha ruta circular de sendeirismo polos montes da contorna, cunha duración de 5 horas.

5. Rebordechao-A Ermida: Dende a localización de Rebordechao ata aldea da Ermida (42°09'36.7"N, 7°30'47.5"O) hai unha duración de 3 minutos.

6. A Ermida-Allariz: O traxecto entre A Ermida e a vila de Allariz (42°11'16.3"N, 7°48'07.7"O) leva arredor duns 45 minutos.

7. Allariz-Ourense: O retorno á estación de autobuses de Ourense dende Allariz, supón uns 20 minutos.

En conxunto, este deseño garante un equilibrio entre desprazamento, aprendizaxe e participación, ofrecendo un marco idóneo para a integración dos contidos abordados ao longo do roteiro. A planificación das etapas, tanto a nivel espacial como temporal, facilita o desenvolvemento de actividades didácticas adaptadas a cada parada do percorrido, que se detallarán no seguinte apartado do presente traballo.

5.4. Actividades propostas

As actividades que se propoñen están deseñadas para acompañar cada unha das etapas da senda literaria, combinando charlas divulgativas, dinámicas participativas e momentos de reflexión colectiva. Ademais, permitirán traballar aspectos como a memoria histórica, a tradición oral, o patrimonio cultural e natural e o papel das crenzas populares na construción da identidade. A continuación, descríbense as actividades propostas.

1. Comezamos o camiño. Na explanada da estación de autobuses de Ourense (ver Anexo II), a persoa responsable da actividade recibirá ao grupo participante e dará comezo á xornada cunha breve explicación do obxectivo da proposta. Este é realizar unha senda literaria centrada na figura de Manuel Blanco Romasanta, coñecido popularmente coma o lobishome de Allariz, que combine historia, natureza e patrimonio cultural, explorando os espazos naturais e os feitos históricos, así como a mitificación que envolveu a súa figura ao longo do tempo.

A continuación, presentarase o itinerario previsto e indicarse a duración de cada parada, ademais das condicións específicas da ruta, coma os momentos de desprazamento a pé ou o tempo libre. Tamén se exporán as normas básicas de convivencia sobre puntualidade, respecto ao espazo e ás persoas, atención ás indicacións da persoa organizadora e coidado da contorna natural e patrimonial.

Para facilitar a creación dun clima positivo, levarase a cabo unha dinámica de presentación rápida, na que cada persoa dirá o seu nome e, se o desexa, unha palabra que asocie o que se espera do roteiro. Isto axudará a establecer un vínculo inicial e xerar participación dende o inicio.

A actividade rematará cunha breve contextualización da figura de Romasanta, ofrecendo pinceladas xerais da súa historia e deixando abertas diversas preguntas que se irán contestando ao longo da xornada.

2. Manuel... ou Manuela? Unha vez as persoas participantes estean sentadas nos bancos da aldea de Regueiro (ver Anexo III), realizarase unha breve charla divulgativa sobre a infancia de Manuel Blanco Romasanta. Farase especial fincapé no episodio do seu rexistro como “Manuela” debido a unha ambigüidade xenital ao nacer, posteriormente corrixido tras unha avaliación médica. Esta narración permitirá

contextualizar a súa orixe nunha sociedade profundamente marcada pola moral católica, o estigma e a exclusión do que non encaixaba nas normas establecidas.

Tras esta contextualización, dinamizarase unha actividade de reflexión guiada, con preguntas abertas ao grupo que inviten a pensar dende a perspectiva do “outro”. As persoas participantes responderán oralmente, de maneira voluntaria, a cuestións como: Como afecta o contexto social á maneira en que se interpreta a vida dunha persoa diferente ou fóra da norma?, que consecuencias podía ter naquela época “non encaixar” nos patróns sociais?, ou pode este episodio inicial influír na maneira na que a sociedade interpretou a vida e os feitos posteriores de Romasanta?

Para rematar, convidarase ao grupo a identificar e compartir outras figuras históricas ou actuais marcadas pola alteridade, é dicir, que non encaixen nos moldes sociais da época por razóns de xénero, aparencia, saúde mental, clase social, etnia, orientación sexual, crenzas ou comportamento. Desta maneira, expandirase a reflexión máis alá de Romasanta, co fin de establecer paralelismos que axuden a conectar o caso deste personaxe coa exclusión social e os prexuízos.

3. Tras a tinta do lobishome. A actividade desenvolverase no Castelo de Maceda (ver Anexo IV), aproveitando o valor simbólico e patrimonial do espazo para traballar aspectos relacionados coa vida social de Manuel Blanco Romasanta, así coma o seu papel como persoa alfabetizada nun contexto rural maioritariamente analfabeto. A dinámica consistirá nun xogo de pistas no que as persoas participantes, organizadas en pequenos grupos, recibirán unha carta ficticia inspirada nas que o personaxe escribía en nome das súas vítimas.

As mensaxes, redactadas cunha linguaxe adaptada á época, conterán referencias e aspectos chave da súa vida, coma o seu oficio de vendedor ambulante, o uso da palabra como ferramenta de engano e a confianza que xeraba nas comunidades locais. Cada grupo deberá descifrar o contido da súa carta e, posteriormente, localizar elementos simbólicos na contorna inmediata do castelo que poden ter relación coa información obtida, xustificando a súa elección.

A actividade rematará cunha breve posta en común dos diversos contidos das cartas, que levará a unha reflexión sobre o valor da alfabetización na Galicia do século XIX, a importancia da palabra e o contexto de medo e superstición no que se desenvolveu a historia de Romasanta.

4. Rebordechao, terra de lobos. Tras a chegada á aldea, a persoa organizadora realizará unha explicación sobre a vida de Manuel Blanco Romasanta en Rebordechao, centrándose no seu papel como vendedor ambulante, curandeiro e escribán nunha sociedade rural caracterizada por relacións baseadas na confianza mutua.

A continuación, dividirase ao grupo en tres equipos, aos cales se lles entregará un mapa simbólico da aldea cunha localización sinalada que será distinta para cada un. Polo tanto, o que teñen que facer é buscala, pois será onde atopen un papel escrito cun breve relato ambientado relacionado coa figura de Romasanta. Estes textos deberanse gardar sen compartilos co resto, xa que serán empregados máis adiante, durante a subida á Serra de San Mamede, como parte dunha actividade narrativa colectiva.

Antes de comezar a ruta, haberá un breve período de tempo libre para que as persoas participantes poidan comer algo lixeiro e explorar libremente a contorna da aldea (ver Anexo V), promovendo así un primeiro contacto sensorial e reflexivo co espazo.

Finalmente, o grupo reunirse no punto de encontro, situado ao inicio da subida cara á Serra de San Mamede dende o interior de Rebordechao, dando comezo á seguinte etapa do percorrido (ver Anexo VI).

5. As pegadas do lobo. Durante a ruta circular que transita polos montes da Serra de San Mamede, desenvolverase unha actividade narrativa guiada nas que as persoas participantes reconstruirán, de forma simbólica e colectiva, parte do relato criminal asociado a Manuel Blanco Romasanta. A proposta parte da paisaxe como detonante emocional e reflexivo, convertendo a ruta nun escenario de interpretación e aprendizaxe.

Ao comezo, as persoas, nos grupos formados previamente en Rebordechao, retomarán os textos recollidos durante a actividade anterior. Cada equipo lerá en voz baixa o fragmento que lle foi asignado, o cal recrea parte dunha historia inspirada nas fontes documentais e orais sobre os feitos cometidos por Romasanta.

Ao longo da ruta, realizaranse tres paradas específicas, durante as cales cada grupo representará publicamente o seu relato no lugar indicado pola persoa organizadora. Isto permitirá entrelazar a historia do personaxe co espazo natural, promovendo unha experiencia inmersiva e multisensorial. Ademais, cando se chegue á vista panorámica dos montes, denominados popularmente coma “os bosques da morte”,

convidarase ao grupo a compartir as emocións e ideas que estes lles xeran. Este será o momento no que se aproveitará para comer algo.

Unha vez rematada a ruta, xa na aldea de Rebordechao, farase unha recompilación dos tres fragmentos que conformaron o relato de Romasanta e incentivarase un debate reflexivo entre a realidade e o mito.

6. Camiñando co pasado. Ao chegar á Ermida, as persoas participantes realizarán unha camiñada tranquila e contemplativa polos arredores da aldea, en silencio, para que cada unha poida percibir os detalles da contorna, como a arquitectura das palleiras, o tipo de terreo, o illamento do lugar e a sensación de quietude que o envolve (ver Anexo VII).

Durante este paseo, a persoa organizadora irá compartindo verbalmente algunhas das anécdotas e relatos tradicionais vinculados a Romasanta, invitando ao grupo a escoitar o ambiente e a sentir a atmosfera do lugar.

Para pechar a actividade, sentaranse nun círculo no chan para abrir un espazo de conversa aberta, onde se animará a cada persoa a compartir o que lle suscitou camiñar polo lugar, a súa impresión sobre como a historia pode cambiar coa transmisión oral e cal é o significado de conservar estas narrativas dentro das comunidades. Ademais, poderase debater sobre A Ermida como exemplo de interacción entre lugar e memoria.

7. Xuízo final: Entre o crime e o mito. Unha vez na vila de Allariz, visitarase o edificio actual do Museo Galego do Xoguete, que antigamente era o xulgado. A continuación, irase cara a zona da Casa do Concello, onde hai espazo suficiente para levar a cabo a actividade (ver Anexo VIII).

Esta consistirá nunha simulación dialogada do xuízo de Romasanta, adaptada para o contexto educativo, tratándose dunha actividade oral e participativa que promove a reflexión e o debate. O grupo dividirase en tres bloques: a defensa, que asumirá a perspectiva de Romasanta e os argumentos que este presentou; a acusación, que exporá os feitos, testemuños e razoamentos que levaron á súa condena, e o xurado popular, que escoitará e intervirá ao final.

Para levar isto a cabo, cada grupo terá uns minutos para preparar as ideas de maneira espontánea, tendo de base todas as explicacións e información ofrecidas sobre os feitos históricos do caso ao longo do roteiro.

Para pechar a actividade, abrírase un espazo de diálogo colectivo, onde se debaterá sobre o papel que xogaron as crenzas populares na sentenza, si pesaron máis no xuízo os feitos que a imaxe pública de Romasanta, que pensarían os participantes se este caso se xulgase hoxe, en que momento a historia se converte en mito, etc.

8. Reconstruíndo a figura de Romasanta. Nun espazo tranquilo e cómodo da estación de autobuses de Ourense, o grupo reunírase para levar a cabo unha dinámica de peche sinxela, pero significativa. Esta consistirá en que cada persoa diga unha única frase que achegue unha parte da historia de Romasanta.

A primeira intervención dará comezo ao relato, e as seguintes irán engadindo novas frases sucesivamente, incorporando elementos traballados ao longo do día, así como vivencias, coñecementos e impresións. Non será preciso seguir unha orde establecida nin empregar un rexistro formal, pois o obxectivo é tecer entre todas unha historia, na que cada voz sexa un fío máis na reconstrución simbólica da figura de Romasanta. Este resultado será unha visión colectiva, como metáfora da forma en que se constrúe a memoria colectiva e como os mitos se conforman a partir de múltiples perspectivas. Como peche, a persoa organizadora poderá engadir unha última frase ou reflexión que recolla o conxunto das achegas e lle dea unidade ao discurso.

Ademais, abrírase un espazo de conversa para que os participantes comenten que parte da senda lles resultou máis significativa, como cambiou a súa percepción sobre a figura de Romasanta e que ideas suxiren para mellorar ou reproducir esta experiencia noutros contextos. Por último, proporcionaráselles unha folla de avaliación que terán que cubrir de maneira individual, dando por rematada a senda literaria.

5.5. Recursos materiais

Na Táboa 1 móstranse os recursos materiais necesarios para toda a xornada.

Táboa 1

Recursos materiais necesarios para a senda literaria baseada en Romasanta

Momento	Recursos materiais
Para toda a xornada (persoais)	Roupa e calzado de sendeirismo cómodos, comida lixeira de ruta para todo o día, mochila, auga, teléfono móbil e caderno e bolígrafo (opcional)

Para toda a xornada	Botiquín básico de primeiros auxilios, guión da xornada para a persoa organizadora
Actividade 1	Folleto informativo co itinerario, normas básicas e obxectivos (un por persoa)
Actividade 3	Cartas ficticias (unha por grupo)
Actividade 4	Mapas da aldea e breves relatos (un de cada por grupo)
Actividade 7	Folios e bolígrafos
Actividade 8	Follas de avaliación impresas (unha por persoa)

Nota. Material de elaboración propia.

5.6. Temporalización

A proposta está pensada para a primavera, ao tratarse dunha estación con temperaturas agradables e maior número de horas de luz, condicións necesarias para unha actividade de xornada completa coma esta. Ademais, propónse que se leve a cabo nun sábado, co obxectivo de facilitar a participación das persoas adultas, especialmente aquelas con compromisos laborais ou formativos durante a semana.

Na Tabóia 2 pódense observar os tempos estimados de toda a senda literaria, tanto das etapas e paradas como de cada unha das actividades.

Táboa 2

Tempo aproximado da senda literaria baseada en Romasanta

Horario aproximado	Actividade principal
07:30h	Chegada á estación de autobuses de Ourense
07:30h-08:00h	“Comezamos o camiño”
08:00h	Saída da estación de autobuses de Ourense
08:00h-08:30h	Ourense-Regueiro
08:30h-09:00h	“Manuel... ou Manuela?”

09:00h-09:10h	Regueiro-Maceda
09:10h-09:40h	“Tras a tinta do lobishome”
09:40h-10:25h	Maceda-Rebordechao
10:25h-11:00h	“Rebordechao, terra de lobos” e tempo libre
11:00h-17:25h	“As pegadas do lobo”
17:25h-17:30h	Rebordechao-A Ermida
17:30h-18:00h	“Camiñando co pasado”
18:00h-18:45h	A Ermida-Allariz
18:45h-19:45h	“Xuízo final: Entre o crime e o mito”
19:45h-20:05h	Allariz-Ourense
20:05h-20:45h	“Reconstruíndo a figura de Romasanta”
20:45h	Fin da senda literaria

Nota. Material de elaboración propia.

5.7. Avaliación

A avaliación débese contemplar dende unha perspectiva integral e reflexiva, centrada na calidade do deseño da proposta, na implicación da persoa organizadora no proceso e na resposta do grupo participante. Neste sentido, o enfoque da avaliación estará centrado na observación directa, na análise da participación activa e na resposta emocional e sensorial das persoas destinatarias durante toda a actividade. Cabe destacar que o instrumento de avaliación a empregar será a escala de estimación numérica.

En canto á proposta, terase en conta a calidade de deseño e desenvolvemento da senda literaria, analizando aspectos como a coherencia entre obxectivos e actividades, a selección dos espazos, a adecuación dos materiais, a organización xeral do roteiro e o grao de adaptación ás diversas idades do grupo. Esta avaliación facilitará a identificación de puntos fortes e de áreas de mellora, fomentando a calidade e a sustentabilidade da proposta educativa, así como a eficacia da mesma nun contexto inclusivo (ver Anexo IX).

Pola súa parte, a persoa organizadora realizará unha autoavaliación do seu desempeño ao longo da xornada. Esta centrarase en criterios como a capacidade de comunicación, a xestión do tempo e dos recursos, a adaptación ao ritmo do grupo, a creación dun ambiente acolledor e a actitude facilitadora, afectiva e segura. Este proceso reflexivo é chave para reforzar o rol educativo no ámbito non formal e favorecer a mellora continua da práctica profesional (ver Anexo X).

Con respecto ás persoas participantes, estas cubrirán unha avaliación deseñada para recoller a súa percepción sobre a experiencia vivida. Valorarase o interese, a comprensión dos contidos, a interacción co grupo e coa contorna, o nivel de implicación e a satisfacción xeral (ver Anexo XI).

Este enfoque avaliativo, baseado na observación directa, na autoavaliación crítica e na participación activa das persoas destinatarias, constitúe unha ferramenta esencial para verificar o grao de cumprimento dos obxectivos, detectar posibles melloras e garantir a pertinencia e calidade da proposta educativa. Neste sentido, a avaliación, entendida como un proceso formativo, converte a senda literaria nun espazo de aprendizaxe experiencial.

5.8. Valor educativo

5.8.1. Potencial para a aprendizaxe significativa

A senda literaria baseada na figura de Manuel Blanco Romasanta, coñecido popularmente coma o lobishome de Allariz, ofrece un contexto ideal para promover unha aprendizaxe significativa ao conectar coñecementos históricos, culturais e ambientais cunha experiencia vivencial e emocional. A combinación da interacción directa co espazo físico, a narración de historias e a participación activa nas actividades logra que as persoas participantes non só adquiran información, senón que xeren vínculos persoais e reflexivos coas temáticas abordadas. Esta aprendizaxe integrada fomenta a comprensión dos feitos e conceptos, aspecto que, sumado á inclusión de dinámicas participativas, debates e actividades de reflexión social, contribúe ao desenvolvemento do pensamento crítico e da empatía.

5.8.2. Revalorización do patrimonio e do medio cultural

A presente proposta contribúe á revalorización do patrimonio natural, histórico e cultural da Galicia, xa que pon en valor os espazos polos que se transita. Ao situar as

actividades en lugares emblemáticos e naturais, a experiencia promove o respecto e a conservación destes bens. Á súa vez, impulsa o interese pola historia local e pola tradición oral e visibiliza figuras e episodios pouco coñecidos ou estigmatizados, como é o caso de Romasanta. Desta maneira, a senda fomenta un achegamento crítico e respectuoso ao patrimonio, facilitando que o público desenvolva un sentimento de pertenza e responsabilidade cara ao medio cultural que o rodea.

5.8.3. Posibilidades de reprodución noutras contornas

A estrutura divisible e participativa deste proposta permite a súa adaptación e reprodución en distintas contornas galegas que conteñan elementos patrimoniais e naturais similares. O deseño baseado na integración de historia local, tradición oral e actividades ao aire libre facilita que outras comunidades poidan recrear roteiros literarios adaptados aos seus propios recursos e figuras emblemáticas. Ademais, o enfoque didáctico centrado na participación activa, o diálogo e a reflexión é versátil e pode ser empregado con distintos grupos e idades. Deste xeito, a proposta serve como modelo replicable para proxectos educativos que busquen a conexión entre patrimonio, natureza e aprendizaxe experiencial, promovendo a difusión e o enriquecemento cultural en diferentes contextos.

5.9. Limitacións

Unha proposta deste tipo, debido ao seu consumo de recursos e requirimentos, presenta diversas limitacións que deben ser tidas en conta. A primeira delas é a duración da actividade, especialmente da etapa de sendeirismo na Serra de San Mamede. Esta camiñada, que se estende por unhas cinco horas, pode resultar esixente para certas persoas, aspecto que limita o público obxectivo ao ser necesario posuír unha condición física para poder soportar a ruta.

A dependencia do transporte en autobús é outro condicionante para o roteiro, implicando unha planificación previa rigorosa que se pode ver afectada por factores externos coma o tráfico, o clima ou certas incidencias no servizo. A temporalización dos desprazamentos pódese ver alterada, afectando a coordinación das actividades programadas en cada parada.

Tamén cómpre sinalar o carácter específico do contido, pois Manuel Blanco Romasanta é unha figura histórica cun contexto complexo e polémico que pode requirir un tratamento sensible para evitar malentendidos ou unha visualización estigmatizada

do mito. É necesario que a persoa organizadora dispoña dunha formación adecuada para mediar debates e abordar a temática dende unha perspectiva crítica e respectuosa.

En resumo, estas limitacións poden supoñer retos para a reprodución da proposta, mais coas medidas adecuadas e a planificación previa, poden ser minimizadas para garantir unha experiencia educativa rica e enriquecedora.

5.10. Resultados esperados

A senda literaria sobre Manuel Blanco Romasanta aspira a acadar unha serie de resultados tanto a nivel educativo como social e cultural, que contribúan a enriquecer a experiencia das persoas participantes e a potenciar a valoración do patrimonio galego.

En primeiro lugar, espérase que o grupo destinatario adquira un coñecemento crítico da figura de Romasanta, comprendendo o seu contexto social, as múltiples dimensións da súa historia e a súa posterior mitificación. Isto promoverá unha aprendizaxe significativa, baseada na reflexión e na conexión directa co territorio.

Ademais, preténdese que o roteiro fomente unha maior sensibilización e valoración do patrimonio natural e cultural da provincia de Ourense, xerando interese pola conservación dos espazos naturais e etnográficos visitados. A interacción directa cos lugares potencia o vínculo emocional e identitario co territorio.

Con esta senda literaria tamén se busca un desenvolvemento de habilidades sociais e comunicativas entre os participantes mediante os debates e a narración colectiva. Estas actividades favorecen a colaboración, a escoita activa e o pensamento crítico, promovendo un ambiente de aprendizaxe aberto e inclusivo.

Finalmente, esta proposta é unha vía para a reprodución en diferentes contornas, converténdose nun recurso educativo versátil que se pode replicar e adaptar a diferentes públicos, tempos e espazos.

6. Conclusións e futuras liñas de investigación

O presente Traballo de Fin de Máster supón unha importante contribución ao ámbito da educación non formal de persoas adultas, mediante o deseño dunha proposta didáctica innovadora baseada nunha senda literaria contextualizada territorialmente. Esta experiencia, baseada na figura de Manuel Blanco Romasanta, permitiu integrar elementos históricos, culturais e simbólicos co patrimonio natural galego, ofrecendo

unha oportunidade formativa que vai máis alá dos límites tradicionais da aula, apostando por unha aprendizaxe situada e significativa.

A proposta evidencia que o territorio pode ser un recurso pedagóxico moi potente cando se entrelaza con narrativas que conectan o imaxinario colectivo co patrimonio local. Ao combinar historia, mito, literatura e natureza, a senda literaria deseñada fomenta a reflexión crítica, a participación activa e o coñecemento compartido. Desta maneira, demóstrase que a aprendizaxe fóra de contextos formais pode ser igual de rigorosa, estruturada e transformadora, sempre e cando estea deseñada seguindo uns criterios pedagóxicos sólidos e asegurando a accesibilidade, a viabilidade e o respecto polo medio.

Ademais, a proposta deseñada destaca pola súa potencialidade para promover o pensamento crítico sobre a construción dos mitos, o papel da tradición oral, a transmisión da memoria e a forma na que os relatos locais configuran identidades culturais. Neste sentido, a figura de Romasanta actúa como fío condutor dunha experiencia que non só fomenta o coñecemento histórico, senón tamén o cuestionamento das narrativas establecidas e a comprensión da interacción entre realidade e mito.

Con todo, tamén é esencial recoñecer as limitacións do traballo, como a ausencia dunha implementación práctica que permita validar empiricamente a eficacia da proposta. Cabe mencionar que, a pesar diso, realizouse unha revisión crítica do deseño e garantiuse a coherencia entre os obxectivos, os contidos e as actividades.

En canto ás posibles liñas de investigación futuras, resulta pertinente explorar o impacto real deste tipo de iniciativas no desenvolvemento de competencias nas persoas adultas, sobre todo no referente á construción de coñecemento contextualizado, á participación cidadá e á valoración do patrimonio. Así mesmo, sería interesante analizar a reprodución da proposta noutras contornas xeográficas e culturais, estudando a súa adaptabilidade a outros relatos locais ou figuras históricas con gran carga simbólica.

En definitiva, este traballo reforza a necesidade de seguir apostando por modelos educativos inclusivos, contextualizados e participativos, capaces de entrelazar saber académico, vivencia persoal e identidade colectiva. Así pois, a senda literaria sobre Romasanta representa unha proposta viable, creativa e transformadora que pon en valor o territorio como espazo de aprendizaxe e a memoria como ferramenta educativa.

7. Referencias bibliográficas

- Acero, C., Hidalgo, M.V., y Jiménez, L. (2018). Procesos de aprendizaje adulto en contextos de educación no formal. *Universitas Psychologica*, 17(2), 1-10. <https://doi.org/10.11144/Javeriana.upsy.17-2.paac>
- Ausubel, D.P. (1968). *Educational Psychology: A Cognitive View*. Holt, Rinehart and Winston.
- Barriga, E. (2017). *Las rutas literarias en el marco de la educación literaria y sus valores patrimoniales, ambientales y turísticos* [Tesis doctoral, Universidad de Extremadura]. Repositorio Dehesa. <http://hdl.handle.net/10662/6046>
- Barrow, B. (Ed.) (2019). *Manuel Blanco Romasanta: El “hombre lobo” gallego*. Legados del Misterio. <https://www.legadosdelmisterio.net/manuel-blanco-romasanta-hombre-lobo/>
- Bataller, A. (2023). Experiencias didácticas en rutas literarias: Patrimonio, turismo literario y nuevas tecnologías. *Contextos Educativos*, 32, 231-248. <https://doi.org/10.18172/con.5658>
- Carvalho, I.C.R., Baptista, M.M.R.T., e Costa, C.M.M. (2010). As Redes em Turismo Cultural: Um olhar sobre a relação entre Turismo e Cultura. *Revista Turismo & Desenvolvimento*, 13, 29-38. https://mariamanuelbaptista.com/pdf/016_AsRedes.pdf
- Coutinho, F.N., Faria, D.M.C.P., e Faria, S.D. (2016). Turismo literário: Uma análise sobre autenticidade, imagem e imaginário. *Albuquerque: Revista de história*, 8(16), 31-50. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7869495>
- Da Trindade, E.M., e Santos, A.V. (2015). Educación y aprendizaje a lo largo de la vida: Los adultos y la enseñanza superior. *Sinéctica*, 45, 1-20. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=8391130>
- Del Pino, M. (2020). Aprendizaje experiencial, interiorizar haciendo. *e-CO. Revista Digital de Educación y Formación del Profesorado*, 17, 1-17. <https://revistaeco.cepcordoba.es/wp-content/uploads/2020/04/Delpino.pdf>
- Domínguez, J., y Blanco, L. (1991). “O home do unto” (*Blanco Romasanta, historia real de una leyenda*). Deputación Provincial de Ourense.


- Domínguez, J., y Bustillo, R.O. (2020). *Romasanta: Historia real de una leyenda*. Diputación Provincial de Ourense.
- Gómez, I.C., López, S.M., López, I.Y., Moreira, J.C., y Solís, J.G. (2025). Neurociencia y Aprendizaje Basado en la Naturaleza: Estrategias Innovadoras para Potenciar la Memoria y la Atención en la Educación Científica. *Revista Científica Internacional*, 12(1), 2908-2926. <https://doi.org/10.69639/arandu.v12i1.781>
- Guerra, A.L., Simm, J.F.S., Pinho, E.C.S., e Nantes, E.A.S. (2021). A eficácia do roteiro de autoestudo como recurso didático no ensino remoto. *Research, Society and Development*, 10(13), 1-20. <https://doi.org/10.33448/rsd-v10i13.20891>
- Insa, Y. (2004). Los itinerarios didácticos. *Aula historia social*, 14, 87-91. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2127036>
- Jiménez, R., Lancho, J., Sanz, J.C., y Sanz, F. (2009). *Educación de personas adultas en el marco del aprendizaje a lo largo de la vida*. Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- Klein, S.B. (1994). *Aprendizaje: Principios y aplicaciones*. McGraw-Hill.
- Kolb, D.A. (1984). *Experiential Learning: Experience as The Source of Learning and Development*. Prentice Hall.
- Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales. *Boletín Oficial del Estado*, 269, de 10 de noviembre de 1995. <https://www.boe.es/eli/es/l/1995/11/08/31/con>
- Ley 5/2019, de 2 de agosto, del patrimonio natural y de la biodiversidad de Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, 229, de 24 de septiembre de 2019. <https://www.boe.es/eli/esga/l/2019/08/02/5>
- Ley 8/1995, de 30 de octubre, del patrimonio cultural de Galicia. *Boletín Oficial del Estado*, 287, de 1 de diciembre de 1995. <https://www.boe.es/eli/esga/l/1995/10/30/8>
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. *Boletín Oficial del Estado*, 340, de 30 de diciembre de 2020. <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3>

- Macsaw, I. (2009, May 28). The tracks of Romasanta. *Sacamanteigas: A real case of lycanthropy*. <http://sacamanteigas.blogspot.com/2009/05/im-take-pictures-for-this-post.html>
- Macsaw, I. (2020). *Romasanta: Tras os pasos do lobishome*. Difusora de Letras, Artes e Ideas.
- Mariño, X.R. (2007). *Manuel(a) Branco Romasanta, O Lobishome Asasino*. Nigra Trea.
- Montaña, E., y Soto, J. (2022). Las rutas literarias en Extremadura como herramienta educativa y turística: Una revisión bibliográfica. *Lenguaje y Textos*, 55, 83-92. <https://doi.org/10.4995/lyt.2022.17133>
- Moreno, P. (2015). Educación a lo largo de la vida: Aulas de mayores. *Revista Fuentes*, 17, 113-133. <http://dx.doi.org/10.12795/revistafuentes.2015.i17.05>
- Morón, J.A. (2014). Educación y personas mayores. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 17(1), 107-121. <https://doi.org/10.6018/reifop.17.1.198871>
- Olea, P. (Director). (1970). *El bosque del lobo* [Película]. Amboto Producciones Cinematográficas.
- Orduna, G., y Urpí, C. (2010). Turismo cultural como experiencia educativa de ocio. *Polis. Revista Latinoamericana*, 26, 1-20. <https://journals.openedition.org/polis/102>
- Otero, E.M. (1998). Excursións na natureza e educación en valores. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, 21, 171-180. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1358461>
- Pillet, F. (2014). El paisaje literario y su relación con el turismo cultural. *Cuadernos de Turismo*, 33, 297-309. <http://hdl.handle.net/10201/38527>
- Pinzón, V.H. (2016). Aprendizaje experiencial como apuesta educativa. *Revista Nagonotas Docentes*, 6, 55-61. <https://doi.org/10.52143/2346-1357.341>
- Sarrate, M.L., y Pérez, M.V. (2005). Educación de personas adultas: Situación actual y propuestas de futuro. *Revista de Educación*, 336, 41-56. <https://infoaccionsocial.wordpress.com/wp-content/uploads/2015/01/revista-de-ed-educaciac3b3n-social.pdf#page=43>

- Silva, R.P., e Oliveira, C.R. (2021). Educação na natureza: Tendências de práticas educativas. *Revista de Educación en Biología*, 24(1), 16-26. <https://doi.org/10.59524/2344-9225.v24.n1.27846>
- Somoza, X. (2011). Lugares, paisaxes e territorios convertidos en palabras: Páxinas de encontro entre literatura, xeografía e turismo. En C. Pérez-San Julián (Ed.). *Viaxes e construción do pensamento: Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936* (pp. 15-28). Fundación Vicente Risco.
- Tarpy, R.M. (2001). *Aprendizaje: Teoría e investigación contemporáneas*. McGraw-Hill.

8. Anexos

8.1. Anexo I. Roteiro en autobús



Nota. Material de autoría propia.

8.2. Anexo II. Imaxes da estación de autobuses de Ourense



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.

8.3. Anexo III. Imaxes da aldea de Regueiro



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.

8.4. Anexo IV. Imaxes do Castelo de Maceda



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.

8.5. Anexo V. Imaxes da aldea de Rebordechao



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.

8.6. Anexo VI. Imaxe do punto de encontro en Rebordechao



Nota. Material de autoría propia.

8.7. Anexo VII. Imaxes da Ermida



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.

8.8. Anexo VIII. Imaxes de Allariz



Nota. Material de autoría propia.



Nota. Material de autoría propia.

8.9. Anexo IX. Avaliación da proposta

ÍTEMS	VALORACIÓN NUMÉRICA				
	1	2	3	4	5
Os obxectivos son coherentes cos contidos e coas actividades					
A organización das paradas e das etapas do roteiro é clara e axeitada					
A organización dos espazos ten valor pedagóxico e cultural					
Os materiais empregados son pertinentes, inclusivos e adaptados ao grupo					
A proposta é viable a nivel temporal, espacial e organizativo					
A proposta posibilita a participación activa de todas as persoas					
A proposta é flexible e adaptable a outros contextos ou públicos					

Nota. Sendo 1= Totalmente en desacordo, 2= En desacordo, 3= Indiferente, 4= De acordo e 5= Totalmente de acordo.

8.10. Anexo X. Avaliación da persoa organizadora

ÍTEMS	VALORACIÓN NUMÉRICA				
	1	2	3	4	5
Establecín unha comunicación clara, empática e respectuosa co grupo					
Adaptei o ritmo da actividade ás necesidades e intereses do grupo					
Xestionei con eficacia os tempos, os espazos e os recursos dispoñibles					
Actuei como facilitadora, promovendo a participación e o diálogo					
Mantiven unha actitude segura, motivadora e respectuosa					
Resolvín con axilidade posibles imprevistos ou situacións complexas					
Fomentei a cooperación e o traballo compartido					

Nota. Sendo 1= Nunca, 2= Case nunca, 3= Ás veces, 4= Case sempre e 5= Sempre.

8.11. Anexo XI. Avaliación das persoas participantes

ÍTEMS	VALORACIÓN NUMÉRICA				
	1	2	3	4	5
A temática da proposta resultou interesante e ben tratada					
A actividade favoreceu a aprendizaxe dun xeito claro e ameno					
As explicacións e contidos foron comprensibles					
A participación activa e o diálogo estiveron ben fomentados					
A actividade favoreceu a conexión co territorio e co patrimonio cultural					
O ambiente foi acolledor, seguro e respectuoso					
Estou satisfeito/a coa experiencia					

Nota. Sendo 1= Totalmente en desacordo, 2= En desacordo, 3= Indiferente, 4= De acordo e 5= Totalmente de acordo.